

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA A REALIZACIÓN DUNHA SERIE DE
PROGRAMAS SOBRE O SECTOR PESQUEIRO E IGUALMENTE A DIFUSIÓN DE
INFORMACIÓNS DIARIAS SOBRE A ACTUALIDADE DO SECTOR, NO ANO 2023**

En Santiago de Compostela,

, na sede da Consellería do Mar ,

REUNIDOS

Dunha parte, don Antonio Basanta Fernández, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a Orde do 21 de febreiro de 2022, da mesma consellería, publicada no DOG Núm. 41, de 01 de marzo e, de conformidade co Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Doutra banda, don Alfonso Sánchez Izquierdo, con DNI 34583401A, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349, actuando no seu nome e representación, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei



9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

EXPOÑEN

Primeiro. Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

Segundo. Que a Consellería do Mar está empeñada en aplicar as fórmulas posibles que redunden na mellora do sector co obxectivo de facer destas actividades un sector produtivo de primeiro orde, capaz de proporcionar ás xentes que viven del unha maior calidade de vida e un alto grao de profesionalidade. Unha desas accións é a de impulsar todo aquilo que signifique estudo, información e documentación sobre a preservación e explotación racional dos recursos e cumprimento das normas de seguridade e supervivencia no mar, así como a promoción dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, presentando as distintas posibilidades de aproveitamento dos mesmos e procurando a busca de novas saídas comerciais.

Terceiro. Que determinadas prácticas ilegais como poden ser o furtivismo ou a comercialización clandestina dos produtos do mar, supoñen un grave atranco para acadar a necesaria preservación dos recursos e a racionalización da súa explotación.

Cuarto. Que a divulgación das razóns científicas e técnicas que inspiran a normativa existente para posibilitar a explotación racional dos recursos contribuiría dun xeito significativo á desexada sensibilización social e, polo tanto, a superar a situación descrita.

Quinto. Que, asemade, existen cuestións como o debido respecto ás normas de seguridade a bordo, as precaucións que deben tomarse no exercicio destas actividades ou as condicións sanitarias e o manipulado dos produtos do mar, que é necesario difundir para que cheguen ao coñecemento da xente do mar e da sociedade en xeral.



Sexto. Que a Consellería do Mar considera á Corporación RTVG, por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas costeiras e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector pesqueiro en xeral e a promoción dos seus produtos, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta á pesca galega.

Sétimo. Que Corporación RTVG, ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector pesqueiro e a súa conservación, así como o uso axeitado do medio mariño.

Oitavo. Que dentro deste mutuo interese, pola Corporación RTVG e a Consellería do Mar, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións necesarias neste interese común, formalízase este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de programas televisivos emitidos baixo o nome ou lema de "VIVIR O MAR", campaña que gozou dunha grande aceptación polo público en xeral, e podéndose ampliar o ámbito de emisión a máis espazos, como informativos de carácter rexional nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación RTVG ten interese en difundir como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe e outros. A consellería achegará os datos necesarios para a elaboración dos guións de información por parte da Corporación RTVG.

Noveno: A acción a realizar non garda relación co funcionamento do mercado interior no sentido ao que se refire a Comunicación interpretativa da Comisión (2006/C179/02), xa que polo exposto queda perfectamente xustificado que o obxecto do convenio non encerra, potencialmente, interese para os operadores económicos doutros estados membros, pola súa escasa incidencia económica.

Décimo: A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto, e a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, que establece a posibilidade de tramitar anticipadamente expedientes de gasto. Existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2023, aprobado o 18 de



outubro de 2022 polo Consello da Xunta e xustifícase porque é necesario empezar coas actuacións recollidas no presente convenio nos primeiros meses de 2023.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a realización dunha serie de programas sobre o sector pesqueiro e igualmente para a difusión de informacións diarias sobre a actualidade do sector; en especial no que respecta aos desembarcos de produtos pesqueiros que son realizados nos principais portos galegos e as súas cotizacións.

A liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos corresponderá a Corporación RTVG.

SEGUNDA. OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS QUE SON OBXECTO DO CONVENIO

Corporación RTVG comezará, trala entrega pola Consellería do Mar da documentación precisa para a elaboración dos guións establecidos na cláusula terceira (3ª) do presente convenio, a realización dunha serie de programas documentais orientados á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Información e difusión dos distintos planos que conforman a política da Consellería do Mar na presente lexislatura en relación coa preservación dos recursos mariños e a súa explotación racional, así a seguridade a bordo e supervivencia no mar.
- b) Difusión da información que contribúa á mellora e racionalización dos canles de comercialización dos produtos do mar e a súa manipulación, así como á súa promoción cara ó fomento do seu consumo.



c) Achegamento á realidade do traballo e á vida cotiá das xentes do mar de Galicia.

En xeral, transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación co noso sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

TERCEIRA. A CORPORACIÓN RTVG COMPROMÉTESE:

1.- A elaboración do programa ou programas nos que se emitirá/n os contidos de interese xeral para as xentes do mar.

2.- A emisión da dita serie, a razón de un (1) programa semanal, de marzo a decembro, cunha duración de entre vinte e vinte e cinco minutos (20-25') e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia e repercusión, así como á eventual produción e emisión de programas monográficos dedicados a mostrar aspectos concretos do traballo e vida cotiá de determinados sectores do noso mar.

3.- A emisión nos informativos de carácter rexional, información diaria ou semanal como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe, feiras e outros.

4.- A cesión ou o aproveitamento do material gráfico elaborado por "Vivir o mar" para uso da Consellería do Mar en promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a Consellería, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado, e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por Corporación RTVG".

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Consellería do Mar solicitará a Corporación RTVG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.

A Consellería do Mar poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.



5.- Finalmente, Corporación RTVG asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Consellería do Mar na dita produción, así como da participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca – FEMP; dun xeito claro e visible.

CUARTA. A CONSELLERÍA DO MAR COMPROMÉTESE:

1.- A achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula sétima do presente convenio para levar a cabo o obxecto do mesmo.

2.-A orientar e facilitar toda canta información sexa necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

QUINTA. GUÍONS E PRODUCCIÓN DA SERIE DE PROGRAMAS

A Consellería do Mar facilitará a Corporación RTVG a documentación e mailo asesoramento necesario para a elaboración dos guíons que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión. Asemade, a consellería autorizará a traducir ou subtitular os guíons resultantes a calquera lingua. Estes dereitos serán cedidos para todo o mundo e polo tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e utilización dos mesmos.

Os medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción desta serie de espazos, serán por conta de Corporación RTVG.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión de seguimento do mesmo, que estará composta: polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería do Mar, e polo director dos Servizos Informativos e mailo director técnico da serie de programas, en representación de



Corporación RTVG. Esta comisión reunirse cando así o solicite unha das partes e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

SÉTIMA. CONDICIÓN ECONÓMICAS

Para a colaboración nos gastos de produción dos distintos programas e nos orixinados pola infraestrutura creada para a consecución da devandita información diaria, e como compensación dos gastos nos que incorre a Corporación RTVG para a realización do obxecto do convenio, a Consellería do Mar aportará á mesma ata un máximo de CEN MIL EUROS (100.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723B.640.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023. Sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais que se poidan materializar en activos.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Corporación RTVG empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

A devandita cantidade será abonada pola Consellería do Mar previa a xustificación suficiente da realización das accións obxecto do convenio, mediante a presentación, e antes do 20 de decembro de 2023, da seguinte documentación:



- Factura desagregada expedida pola Corporación RTVG, onde figure un detalle dos gastos realizados con importes, contra a Consellería do Mar e de certificacións do responsable de emisións da TVG de datas e horas de emisión de cadanseu programa. Estas facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Dúas (2) copias dos programas en formato DVD ou ligazón na web onde estean aloxados os programas.
- Certificacións expedidas por cadansúa administración, que acrediten que Corporación RTVG está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes coa Xunta de Galicia.

OITAVA. VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data de sinatura do mesmo, no ano 2023, ata o 30 de decembro de 2023.

O incumprimento de algunha das cláusulas do convenio será causa suficiente para a súa denuncia. Neste caso, feita a mesma por calquera das partes, quedará en suspenso a actividade obxecto do convenio e, por tanto, das respectivas obrigas, sen que isto orixine unha ampliación do prazo convindo.

NOVENA. CONTROVERSAS

O presente convenio de colaboración terá natureza administrativa e corresponderalle á Comisión de Seguimento, prevista na cláusula sexta, resolver as dúbidas que ocasione a súa interpretación e aplicación, así como solucionar as controversias que se susciten.



DÉCIMA. RÉXIME DE PERSOAL

A sinatura deste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Consellería do Mar, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incorrer a Corporación RTVG nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo.

UNDÉCIMA. CARACTER DO CONVENIO

Este Convenio ten a natureza establecida no texto vixente da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. No artigo 6 da citada Lei indícase que quedan excluídos do seu ámbito os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

DUODÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonante ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Conselleira do Mar

Pola CORPORACIÓN RADIO E
TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A conselleira do Mar

P.D. Orde do 21/02/2022, DOG núm. 41, do
01/03/2022

O director xeral

O director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

Alfonso Sánchez Izquierdo

